

**PREGUNTA DE AER SOBRE A REVISIÓN DOS ESPAZOS PÚBLICOS OCUPADOS POLA AMPLIACIÓN DA AP9**

PLENO 07 FEBREIRO 2019. ACTA 01/2019

“Dende o arranque da Comisión de Seguimento das obras da AP-9 en maio do ano 2015, a Agrupación de Electores de Redondela vén demandando tanto ao Concello como ao Ministerio de Fomento que se poñan en marcha os trámites necesarios para a reversión dos espazos públicos ocupados pola ampliación da AP-9.

O dez de xaneiro de 2019, o Xefe da unidade de estradas de Pontevedra e representante do Ministerio de Fomento na comisión de seguimento das obras da AP9, Pablo Domínguez Gómez, asina un informe para a Subdelegada do Goberno, onde no punto nº6 cita o seguinte:

**6. INFORMACIÓN SOBRE POSIBLES REVERSIONES DE TERRENOS EXPROPIADOS.**

El derecho de reversión es el que corresponde a quien ha sufrido la expropiación de un bien o a sus causahabientes para recuperarlo, y el plazo para el ejercicio de este derecho es de veinte años desde la toma de posesión. No se ha recibido ninguna solicitud expresa de reversión por parte de un expropiado o de sus causahabientes

Tendo en conta os debates realizados na comisión de seguimento das obras da AP-9 sobre este asunto e, sobre todo, tendo en conta que cando o representante de AER preguntaba sobre as reversións as respostas eran “temos todo controlado”, “estamos traballando no tema”... incluso algunhas das afirmacións dos representantes do goberno local eran a modo despectivo de cara ao representante de AER por perder o tempo con preguntas sobre temas que xa estaban en marcha.

Ante o exposto, consultado o expediente das obras da AP-9 no que non hai ningún documento sobre a reversión e vendo como o informe do Xefe de estradas de Pontevedra deixa claro de que non hai ningunha solicitude a día de hoxe para a reversión dos espazos públicos ocupados pola ampliación da AP-9, preguntamos:

**Están os servizos xurídicos do Concello de Redondela estudando a solicitude para a reversión dos espazos públicos ocupados pola ampliación da AP-9?**

**De ser así indique que departamentos para que poidamos consultalos.**

*O concelleiro González Barbeiro: hai unha pequena confusión. Terreos ocupados temporalmente ou expropiados. Dos terreos ocupados hai acordo cos propietarios. Polo que nos din os particulares e a concesionaria se revirten e punto. Sobre os expropiados non hai expediente sobre isto.*